



O sector Agroalimentario e o Brexit.

España manterá unha posición forte fronte ás exportacións agroalimentarias ao Reino Unido pese ao Brexit segundo as previsións feitas pola Comisión Europea.

Estas previsións optimistas indican que a saída do Reino Unido da Unión Europea non vai cambiar a boa marcha das exportacións agroalimentarias a este destino.

É por isto moi importante que as empresas españolas coñezan os requisitos en vigor despois do Brexit para importar e exportar os produtos entre o Reino Unido e a UE. A normativa cambiou e hai requisitos fronteirizos relativos á circulación de mercadorías entre a UE e a Gran Bretaña que deban tomarse en conta.

Neste boletín describiremos algúns destes requisitos en xeral, como unha guía para as empresas do sector agroalimentario.

Antecedentes:

O comercio agroalimentario e España con Reino Unido é e foi historicamente relevante. No ano 2018 representou o 8% sobre o total das exportacións agroalimentarias españolas, e o 3% das importacións. Respecto ao mercado comunitario, as exportacións e importacións españolas ao Reino Unido supuxeron o 11% e o 6% respectivamente. Así pois, o saldo comercial dos produtos agroalimentarios é tradicionalmente positivo para España tal e como podemos ver na seguinte táboa.

Datos de exportación e importación en valor e volume, España-Reino Unido. Anos 2013-2018

Datos de exportación e importación en valor y volumen, España – Reino Unido. Años 2013 a 2018

	Exportado		Importado		Saldo
	Mill€	Tons	Mill€	Tons	Mill€
2013	3.178	2.571.920	1.212	848.617	1.966
2014	3.324	2.677.516	1.139	1.235.777	2.185
2015	3.724	2.729.368	1.247	1.380.307	2.477
2016	3.938	2.891.910	1.327	2.069.189	2.611
2017	3.993	2.932.992	1.169	949.051	2.825
2018	4.076	3.011.315	1.160	861.212	2.917
Variación 2017/18	2,1%	2,7%	-0,8%	-9,3%	3,3%

España e o comercio agroalimentario co Reino Unido

España ocupa o quinto lugar tanto en exportacións como en importacións agroalimentarias dos países comunitarios que teñen destino ou orixe no Reino Unido. O 9% dos produtos agroalimentarios comunitarios que importa o Reino Unido proceden de España, mentres que o 7% das exportacións do Reino Unido á Unión Europea teñen a España coma destino.

Ranking de exportadores e importadores comunitarios con destino ou orixe no Reino Unido. Ano 2018

Ranking de exportadores e importadores comunitarios con destino u origen en Reino Unido.
Año 2018

PAISES DESTINO DE LAS EXPORTACIONES DEL REINO UNIDO		PAISES ORIGEN DE LAS IMPORTACIONES DEL REINO UNIDO	
Pais	Cuota (%)	Pais	Cuota (%)
Irlanda	29%	Países Bajos	18%
Francia	15%	Irlanda	14%
Países Bajos	12%	Alemania	13%
Alemania	10%	Francia	13%
España	7%	España	9%
Bélgica	5%	Italia	8%
Italia	5%	Bélgica	7%
Polonia	3%	Polonia	5%
Dinamarca	2%	Dinamarca	4%
Suecia	2%	Suecia	3%

Case a metade das exportacións agroalimentarias españolas a Reino Unido concéntranse en 10 produtos. As exportacións de froitos vermellos, kiwi e caqui, supoñen o 8% sobre os produtos agroalimentarios enviados ao Reino Unido e constitúen o 19% das exportacións españolas destes produtos a todo o mundo.

En importancia séguelle en valor o viño e o mosto cunha cota do 8% das vendas a este país. O 11% das exportacións españolas de viño e de mosto son ao Reino Unido. En terceiro lugar atópanse os cítricos, que supoñen o 7% dos produtos agroalimentarios españois exportados ao Reino Unido e o 9% do total dos cítricos exportados.

Principais produtos exportados a Reino Unido. Ano 2018. Valor, peso, prezo medio, evolución, cota respecto ao total exportado a Reino Unido.

Principales productos exportados a Reino Unido

Año 2018. Valor, peso, precio medio, evolución, cuota respecto al total exportado a R.U.

Productos más exportados						
	2018	M€	t	€/Kg	Evolución 2017/18 (%)	Cuota (%)*
1	Froitos rojos, kiwi y caqui (0810)	311,92	74.831	4,17	3,9	8%
2	Vino y mosto (2204)	311,28	135.220	2,30	-2,4	8%
3	Cítricos (0805)	288,49	286.498	1,00	-4,0	7%
4	Hortalizas frescas o refrigeradas (Espárgos, Berenjenas, Pimientos y acelunas) (0709)	230,86	206.090	1,12	2,4	6%
5	Aceite de oliva (1509 y 1510)	183,09	40.446	3,30	-4,4	4%
6	Coles y coliflores (0704)	143,55	128.044	1,14	-9,7	4%
7	Uvas y pasas (0806)	136,21	64.844	2,10	22,5	3%
8	Tomates frescos o refrigerados (0702)	121,53	112.025	1,08	-11,4	3%
9	Abaricoques, cerezas, melocotóns e ciruelas (0809)	121,48	84.753	1,43	-7,0	3%
10	Lechugas y achicorias (0705)	120,17	129.546	0,93	7,3	3%

* Respecto al total de productos agroalimentarios y pesqueros exportados por España a R.U

A partir do día 1 de xaneiro deste ano, a importación de produtos agroalimentarios (animais, plantas, produtos de orixe animal, pensos, etc.) co Reino Unido está suxeita aos mesmos requisitos e controis sanitarios e fitosanitarios que para as importacións de calquera país fóra da Unión Europea.

Entre outras normas, para importar e exportar produtos agroalimentarios entre o Reino Unido e a UE é necesario:

1. Obter un número de Rexistro e Identificación de Operador Económico (EORI) do Reino Unido.
2. Decidir se quere contratar a un axente de importación e exportación ou facer as declaracións vostede mesmo.
3. Contactar coa organización que traslada as súas mercadorías para saber que necesitan para facer as declaracións das súas mercadorías, ou se ten que facelas vostede mesmo.
4. Cumprir as normas de orixe para o comercio sen aranceis entre a UE e o Reino Unido. Todas as mercadorías deben cumprir as normas de orixe preferenciais. Debese poder demostrar a orixe das mercadorías, segundo as normas específicas dos produtos do Acordo de Comercio e Cooperación.
5. Cumprir as normas sobre LMR vixentes no territorio específico onde se comercializan. É dicir, as normas poden diferir entre Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales) e a UE (incluído Irlanda do Norte).
6. Dentro das novas regras vixentes no Reino Unido, se seleccionará unha pequena mostra das importacións procedentes da UE para realizar controis que garantiren o cumprimento das normas de comercialización de Gran Bretaña (Inglaterra, Escocia e Gales).
7. Se o envío é seleccionado para os controis, notificarase se necesita un certificado de conformidade (CoC) expedido polo Reino Unido. Terá que presentar unha solicitude para ese envío a través do procedemento de solicitude electrónica de certificados da Inspección de Comercialización de Produtos Hortícolas (PEACH) ou poñéndose en contacto co Science and Advice for Scottish Agriculture (SASA).